

LINGUA



MATERNA

á miña nai.

“Os nenos, naturalmente, son incapaces de soportar a dor de verse convertidos en vítimas nin de comprender que se está cometendo un delito contra eles. Pero cando son adultos poden aprender a identificarse co neno ferido e, ao facerse conscientes, pódense liberar a si mesmos (e ao mundo) da "besta" que levan dentro”

Alice Miller

“Os nenos adiviñan que persoas os aman. É un don natural que co tempo pérdese”

Charles Paul de Kock

“Hai que dicir entón que falar absolutamente é falar do que non é visible en absoluto. Só entón, e baixo esta única condición, a linguaxe vale a pena”

Foucault

“Entreí no bosque e borrarónse todos os camiños. Todos os carreiros cubríronse de herba”

Xoán Carlos Rodríguez

“A personalidade é o can vello que recoñece polo olfacto a mesma persoa ó longo do tempo”

Celso F. Sanmartín

“Quero dicir unhas palabras a favor da Natureza, da liberdade total e o estado salvaxe, en contraposición a unha liberdade e unha cultura simplemente civís; considerar ao home como habitante ou parte constitutiva da Natureza, máis que como membro da sociedade. Desexaría facer unha declaración radical, se se me permite a énfase, porque xa hai suficientes campións da civilización; o clérigo, o consello escolar e cada un de vós encargarádesvos de defendela”

Henry David Thoreau

“O home é dono do seu destino e o seu destino é a terra e el mesmo a está destruíndo ata quedar sen destino”

Frida Kahlo

“O máis terrible sería sentir que estou de acordo coas cousas que xa dixen e escribín; iso faríame sentir moi incómoda porque significaría que deixei de pensar”

Susan Sontag

- cal é a túa lingua materna?
- a esquizofrenia!

psicomáxia da memoria histórica

tallar unha caveira nun azucarillo
vertela no café e disolvela
pinchase cun espiño
pingar sangue e disolvela igualmente
mollar na cunca pétalas de rosa
e secalas con algodón
introducilas na leve terra
con moito coidado.

a memoria

camiñar entre sobreiras
destaponarse os oídos
ollar para o camiño
parar e observar
adiante e atrás
e ver tamén os pés
fronte unha pedra
nin o suficientemente pequena
para patexala
nin o suficientemente grande
para non poder sorteala
alzar a cabeza
e ver sesenta estelas
de avións pasados
anchas coma raias de tigre
e outras quince
finas como agullas prateadas
avanzando no baleiro
cravándose nos meus riles
o frío deste inverno.

no cruce de camiños
fixen unha elipse
e convertínme
en labirinto.

pasei polo campo amargo
coa miña lingua rota
á miña beira unha bolboreta
tigre
paro na primeira aldea
e no mesón pido viño quente
boto cortizas
dentro da cunca
e abro unha porta...
da cociña saen dous ollos
voando
e caen ao meu carón.

caio de xeonllos
na herba mollada
e pasto das chamas.

libar as flores
ata murchalas
que non morran
de vellas.

metéronse as nubes
no hórreo
brotaron as margaridas
no seu tellado.

a rapaza de pelo roxo
vai moi amodo
coa súa camisola azul
na súa bicicleta
contemplando todo o verde
que queda...

unha araña morta panza arriba
os seus ollos transformáronse nos meus
atrapo moscas
é o meu obxectivo
o carrachiño na miña pel
as pinzas do caranguexo
e a escalopendra na pía bautismal
comungar cun ramo de loureiro
e logo ir á pota
mentras a gata negra lámbese a patiña
unha picadura de alacrán
que parte o melón en dous
un melón con pebidas
que se tostarán na pedra do muíño
ao sol do verán
con ovos fritos nas mamas
con fogueiras nas mámoas
con néboa baixa
corazón enfermo
o ceo ten taquicardia
o mar está borracho
mañá terá resaca
ti durmes enroscada en rosquillas
de avoas
avoas de negro
avoas de branco
a miña man esquerda
comeza a transformarse
vexo na man o réptil que son
sobre todo cando a lúa
entra na miña boca
calquera día de agosto
na que berran e asubian
polos de gaiivota.

o can ladrou
o pelo como unha bubela
espertou o día
xira a cabeza
con mistura de melancolía
terror e desexo
de pechar os ollos...
crendo que todo é un soño
un inconmensurable
terrorífico
e marabilloso soño.

olla para maio
e para o agasallo
concedido esquecido
no corazón
endurecido
de non abrir
as branquias
e respirar!

o carneiro mexou quente sobre a herba
a herba sentíuno mollada.

a lagoa do meu peito
alacrán do firmamento
estrelas polares
chuvasqueiros de cemento
custodio o armamento de primavera
aillado
nun vaivén estremecido
polos pasos da lúa
amodo respiro
e abro o meu peito
ao millo corvo
ausente de sol
pasos no lameiro
sento a ver medrar o millo
primeiro quito unha bota
despois arrinco un estralote
unha abella pousase na miña orella
e eu sorbo os mocos
antes de espirrar
polo nadal.

a montaña está caída
derrubada
a pizarra deslízase
como a caravana de formigas
eu a pata coxa
vou deixándome ir
e vexo no horizonte
nubes, nubes e corvos
corvos sen arrecifes nin corais
corvos sen cunchas nas ás
corvos non mamíferos
corvos non mariños
corvos que voan ao redor
do ceo.

non humano

para ganarse o pan
un animal
non ten que traballar.

non paga funeral
un animal
aínda que o vaian matar.

un animal
xoga ata o final
non fai deporte xamais.

ataca ou defende pola prole
por sobrevivencia, non sabe de crueldade
non fai a guerra o animal.

o secreto da tenreira
está no matadouro
mais podémolo imaxinar.

quería poñerlle uns corniños a miña gata que é medio *cabrita*
e comecei revoltar para atopalos
só atopei un boneco en forma de gato, sen ollos
un elefante coa trompa para abaixo
un corazón de porespán
un ou varios chisqueiros gastados
e nunha caixa de madeira moi bonita
algo de cartos pola venda da miña independencia
a gata púxose realmente tola
e non tiña corniños nin farrapos de gaita.

definitivamente somos moi distintos
ti evadíndote con fantasías de onte e de hoxe
eu vivindo nun mundo de fantasía permanente
ti procurando xente coa que poder rir
eu procurando rirme da xente
ti arelando novas experiencias vitais
eu aínda sacándolle o miolo ás miñas
ti soñando espida co mar afora
eu soñando con atravesar ríos debaixo de pontes
ti sabes os acordes necesarios e afinar
eu golpeo caixas, platos e un cencerro de boi
ti vas dun lado a outro da casa a por algo
eu vou dun lado a outro da casa a por nada
ti cociñas en turco
eu desconxelo pan de onte
mais coincidimos no camiño de baldosas amarelas
e as nosas arelas confluíron e conflúen
nun camiño común cara bosques, hortalizas e firmamentos
ao noso paso acéndense e apáganse luces
pequenas e grandes e ás veces paramos
e descansamos porque merecémolo e brindamos
o día que non haxa vento e os móbiles
deixen de soar
botaremos o alento por fóra e a andar
quizais chegue un intre, nunca se sabe
de nos separar pero será porque
o noso camiño de baldosas amarelas desdobrará
ti irás ao mar e eu rirei estrepitosamente
sen máis!

ao lonxe divisábasenos
saia perfume
do noso incendio.

demo e anxo

na miña mente
akelarre e eu xo.

botas megallos mentras sorris
eu non teño purpurina nos petos
nin no meu nariz
danzas ás veces ao meu carón
outras danzas en mundos xigantes
eu son un cabezudo.

onde houben
houboas
habíaas
haberíaas
habera
hainas.

os homes todo o fan mal
dicía a miña avoa soando o nariz
nin chorar, nin bicar, nin foder, nin mentir
fan ben
só a súa teimudeza fai algo ás veces
cando golpean as súas cacholas contra o muro
algúns rómpeno...
mais outros caen inconscientes ou mortos
no chan.

quero facer algo
mais non sei o que
desenvolvo agasallos
para machucalos
estendo o meu brazo
para nada
logo non quero
que me toques
escoito desvaríos
meus desvaríos
os desvaríos dos
demais
fan ensalada
pulverizada
ollo para o ceo gris
e quero facer algo
non me sae
máis que trousos e toxos
inflamables
encerados oídos
cos pelos engaiolados
introspección de berros
medran as uñas
o pelo
estendo o brazo
para nada
quero que me toques
e quero facer algo
só me saen ensaladas
avinagradas
pulverizadas
de espanto
e
quero facer algo...
para machucalo!

non se nos ocorreu millor cousa que escribir
temos feito e facemos outras cousas
ás veces ata lemos e todo
somos xente estraña chegada tarde
chegada cedo
non sei aínda moi ben a que
aprendimos en fábricas de dor
a dor das fábricas
as escolas de dor
a dor a “secas”
a seca
bebemos moito para calmala
e sempre pensamos niso
sobre a calma e a revolta
gustaríanos ás veces rebentar cun alarido,
co berro máis impresionante
que fosilizara a infamia e a inxustiza
mais somos febles e tememos á nosa forza
mais sabémolo de sobra
sabemos da mentira e sen cernos visionarios
sabemos que moitos saben da mentira
mais rin e sorben a nosa forza
iso, coido, é o que máis carraxe nos dá
saber que saben que sabemos e saben
da dor
da mentira
da infamia
mais querémonos aínda un pouquiño
para non rebentar
e beber para calmar
a sede de rebentar
contra a lúa ou o sol
para deixar de ser estraños
e chegar cedo
para apagar as luces bestiais
deste teatro consentido.

apagaches a luz das celas?
que emerxa a noite
que non se vexan os barrotes
que nin se curven
que desaparezan sen piedade
que os soños e pesadelos
asolagen as catro paredes
as oito paredes as dezaseis paredes
todas as paredes
que se creen e se destrúan inmensos mundos
imposibles de aprisionar.

berro e non chega ao teu oído
murmurio e achegas a orella.

baleiraron o mar en nome da terra
e despois alunizaron no deserto.

carta ao/á outra/o

escribo estas letras
unhas detrás das outras
para comunicarche
para comunicarme
que nunca merco selos
e os sobres son
ou moi pequenos
ou demasiado grandes
case sempre veñen de volta
o eterno retorno
volvo ler miñas letras
sistema de circulación
pechado
autoacumulación
eu ou sexa ti
que me digo/que che digo tanto
que preciso só o preciso
non obteño, non obtés
mais que negación e silencio
e ruído
eterno ruído nas nosas cabezas
que non chega transitar polos corpos
que nos permitiría o movemento
a acción de mercar selos
e encher a cidade de tatuaxes
lugares onde atoparnos
trocar cromos
bicar as paredes
rugosas das institucións
das nosas cabezas
e derrubalas
emerxer hortos
e ir a eles
tocando a terra
tocándonos
ata mancharnos.

xente con xente

xente dura xente óso
que non atopa a polpa
que non atopa a pel

xente moi branda no fondo
que se transforma en
guacamole cando non miran

xente limón e mel
xente cristalina
que deixa ver nos seus ollos
os medos

que se reflexan noutros ollos
que non queren sentilos
xente con xente afastada

inexperta non universal
xente contaminada
por prexuízos e coñecemento

xente traumada malhumorada
con aguillóns insertados
nos corazóns desde cativos

xente tolera-sorrisos
mais non bágoas
xente dopada
nas artes sociais

xente cultivada
posicionada
e tamén marxinal
e marxinalada

xente comida do bicho
que cho contaxia

xente con bós propósitos
para setembro
ou para xaneiro

xente que che ama borracha
xente con xente

nunha praza
ás veces risos
ás veces olladas
ou desolladas

xente case nunca pobo
contra os tiranos

xente beizos roxos
xente ganas
xente ás súas casas

xente impartindo discursos
sobre a xente

xente resignada

xente apoio mútuo
xente non te deixas axudar

xente que pasa
rápida ao teu carón
e levanta aire
ao teu redor

xente barreira
xente escafandro

xente con xente
igual a porcallada

xente que arrasa
e pega no ombreiro

xente metida en carros
a toda velocidade
para chegar a lugares
onde hai xente
onde non hai xente

xente que ama
xente frustrada
xente durmida
a soas ou con compañía

xente araña
xente mosca
xente empanada
mental

xente raíces
moi enquistadas
xente pataca
xente no caldo

xente con xente
xente solitaria
xente doída
xente solidaria

xente que procura
outra xente
xente soberbia

xente con uniforme
xente espida
tanto que non
levan pel por riba

xente en cal viva
xente asasina
xente na praia
xente soterrada

xente por un mundo millor
xente utopía
xente traballo a destallo

xente no paro
xente ladrando
xente con xente
tomando nos bares

pares de xente
paseando
xente moi grande
xente cativa

xente asocial en sociedade
xente vontade
xente nun charco

cos pés mollados

xente camiñando
pola rúa
xente con móbiles
na caluga

xente con gafas
xente sen gafas
psicópatas curas
e pederastas

xente que se presenta
a liderar á xente
xente que vota
xente demócrata

xente revolucionaria
en moitos puntos
do mundo
da que non se sabe nada

xente racista
xente autoritaria
xente reprimida
xente ganas de facer pis

xente con xente
cada vez máis xente
xente que quere entrar
xente que quere saír

xente que che quere
xente á que queres
xente precisa
xente necesaria

xente convincente
xente negada
a cotío
por malas babas

xente algoritmo
xente robotizada
todas procurarndo
respiro na madrugada

xente que se xira
e protesta
e todxs bérranlle tolxs!
xente con xente
e moi ao contrario.

teño o corazón acoirazado
na morte
toda tentativa de fuga
lévame á loucura.

tempus fugit

houbo un eclipse de mar
todo quedou en deserto
por mor da area
que escapa dos nosos dedos.

escoito o latexo do corazón
da miña almofada
é lento mais intenso
debe estar soñando con nubes
que se precipitan
en forma de auga-neve
no inverno dos meus/teus/seus/vosos
ollos vermellos de sangue.

a man negra está vermella
por un concerto de notas
cortantes sinfonía ferida
nun pentagrama
que se pentatriplica cara arriba
impedindo chegar ao ceo
e á salvación.
a realidade está nos gardiáns
que custodian o desparaíso.

a natureza do fascismo
é a caça maior.

as ratas non trouxeron a peste
foron as pulgas
nin sequera as pulgas
foron as bacterias
nin sequera as bacterias
foron as defensas
as poucas defensas
das cidades e muros medievais
que se viron mermadas
de gatos pola superstición.

velar por tanto.

as sombras dos meus dedos
non teñen pegadas
non valerían para coñecer
a miña identidade.

o amor non pode ser verde
non pode ser amarelo ou azul
o amor non pode ter moraduras
o amor nunca pode ser branco,
marrón, laranxa ou negro
o amor tan só pode ser vermello,
vermello de corazón.

alá por onde vas deixas un rastro de formigas.

un por que?
un itinerario
unha partida
nin boa nin mala
unha chegada
un día a día
non loce a praia
sen celebración
viaxe cos mesmos pasos
sabendo que son de ún
non foi reflexionado
non hai avións
hai compañía
silenciosa compañía
santa compañía
ás veces
desilusión
sen arelar
os arelantes
sen procurar
os procurantes
paz
nas plantas dos pés
medran raíces
e brotan flores
na terra decadente
cun solpor
moi semellante ao teu.

atopar as palabras
remexendo no lixo.

e o incre canso de ser incre solicitou unha semana de vacacións.

poderíame levar o medo
unha xestoría
pagaríalle con tremores
de mans e de pés
ao final do ano
que me devolvan con creces
a valentía
farei moi boa publicidade dela.

nin nado nin mergullo
quédome na area
ollando o mar
ollando o sol no mar
ollando os pés e as mans
ondas veñen e van
suor en van
cigarro nos dedos
sequedade no padal
esperto
luz branca
poñéndome moreno
escribindo con rotulador vermello
tereí que agardar
a estirar o desexo
salando máis as comidas
soñando co cloro
temor de verán.

se polo menos puidera chegar ao mar
e calmar a sede
coa sal taparía os meus poros de suar
en van. espuma nos meus secos dentes
facéndome vivo na auga
entredentes os nutrientes das algas
nas orellas area equilibrio de tempo
flotando meus pés e cabeza
corpo sensentido
sen esperanza de nada
coa única loita a de flotar sen parar
mexándome incluso.

tolleitas e outras historias

“e esta man do brazo

que me quixeron amputar.

malia a ter case sete

era eu unha rapariga mala.

metíno na calandra, linda e plana saiu a cousa.

desde meu dedo ata meu ombreiro

fun nese intre unha aleixada”

Anne sexton, poesía completa

tentar colocar prótesis

para poder accionar máis

de novo (e de vello)

non é artificial

é un fundamento vital

para poder chegar a tocar.

descoñecemos o mar
porque está no noso interior.

pedín un desexo
logo pasou unha estrela fugaz
pasou de min
non sei se do meu desexo
non sei se se cumpriu.

a trégua foi a chuvia
formouse a lama
coa que modelamos
mundos en miniatura
que fomos colocando
dentro dos charcos
humedecidos resistiron
logo chegou o sol
absorvendo a auga
e as bágoas
os pequenos mundos
endureceron
curtiron
e comezaron
a xirar entre eles
formando átomos
en expansión
soñando co ar
e conformar
corpos sen partidos
sen partirse
sen órganos
nin enderezo
nin dirección.

tatexaba de frío
tiritaba desde neno.

do re mi fa sol la si sul fa to

a correa de transmisión
pecha a porta do trullo.

no silencio absoluto
pasa unha nana voando.

ser monte
ser paxaro
ser verme.

cuspín un gran de avea
pola fiestra
mais caeu no cemento
pero volvería facelo
porque tíñao nas moas
e precisaba tentar
desfacerme da dor
e que agromara
o noso almorzo espido
de futuro.

*“as velas consumíronse
pero nosos dedos siguen ardendo”*
Beatriz viol

líquida cera da vela transitoria
o lume non che queima
mais cando apaga a chama
cesa o teu torrente
quedas petrificada
agardando unha nova faísca de luz
para seguir transcorrendo ata a consumición.

de grandes poetas están
as sepulturas cheas.

